

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE FEBREIRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:20 horas do día 7 de febreiro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (agás ao punto 1)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 1, 8a, 8b, 4a e 4b)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8c e 4c)
D. José Ángel Otero Lamas, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8d e 9)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da rúa Jenaro de la Fuente (11.543-446) (informe cartas compromiso)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 4 de febreiro de 2019 en relación coas cartas de compromiso presentadas polos licitadores admitidos no Sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".

O referido informe recolle a seguinte táboa resumo sobre o cumprimento dos requisitos de presentación esixidos no apartado 6A.2 do Anexo I (FEC) do PCAP:

	ELSAMEX, S.A.U.	HPC IBÉRICA, S.A.	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	UTE LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L. - ACEVI, S.L.	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
Carta de compromiso do fabricante de xogos, na que se comprometa á fabricación dos elementos detallados no proxecto	Presenta carta de compromiso do provedor PROLUDIC, pero non indica o fabricante	Presenta carta de compromiso do fabricante HPC IBÉRICA S.A.	Presenta carta de compromiso do fabricante BRAGMAIA, S.A.	Presenta carta de compromiso do fabricante LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	Presenta carta de compromiso do fabricante KOMPAN, S.A.
Unha relación de todos os elementos de xogo	Non presenta	Presenta	Presenta	Presenta	Non presenta



	ELSAMEX, S.A.U.	HPC IBÉRICA, S.A.	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	UTE LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L. - ACEVI, S.L.	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
ofertados					
As fichas técnicas individualizadas de cada elemento nas que constarán os materiais, áreas de seguridade e dimensións	Non presenta	Presenta	Presenta	Presenta	Non presenta
Precertificado de todos os xogos, que serán de características similares aos do Proxecto	Non presenta	Presenta	Presenta	Presenta	Non presenta

A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda conceder un prazo de tres días a ELSAMEX, S.A.U. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. para que poidan emendar as cartas de compromiso presentadas no sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” segundo os requisitos esixidos no apartado 6A.4 do Anexo I (FEC) do PCAP.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 5 de febreiro de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

Tendo en conta o indicado no referido informe (“*a empresa ELSAMEX, SAU, na súa carta de compromiso fáltalle a presentación de documentación (fichas de certos elementos de xogo) e certas fichas presentadas non cumpren os requisitos segundo o proxecto*”) e o previsto no apartado 7A do Anexo I (FEC) do PCAP (“*Á carta de compromiso non se lle outorgará puntuación. Valorarase se se axusta ou non ó proxecto. No primeiro caso admitirase a oferta e no segundo excluírase do procedemento*”), a Mesa acorda, por unanimidade:

- Excluír a ELSAMEX, S.A.U. do procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446) por non axustarse a carta de compromiso ao proxecto (motivo de exclusión previsto no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP).

A continuación publícase o informe no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:34	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A54F-EDBCB6-A34F8H-48N1US-KELPZR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns o 5 de febreiro de 2019 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 5 de febreiro de 2019 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 5 de febreiro de 2019 de valoración do sobre C *"proposición avaliable a través de fórmula"* coa proposta de clasificación, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo	Incremento prazo mínimo garantía elementos parque	Mantemento parque infantil
1	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	351.998,68 €	10 anos	6 meses
2	UTE LAPPSET, S.L. e ACEVI, S.L.	362.124,46 €	10 anos	6 meses



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:34	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A54F-EDBCB6-A34F8H-48N1US-KELPZR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Asiste á apertura D. Juan Carlos Vilariño Paxaro, con DNI *3.2*0.5**, representante de CALFENSA, PROYECTOS, S.L. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo	Incremento prazo mínimo garantía elementos parque	Mantemento parque infantil
1	ELSAMEX, S.A.U.	147.983,00 €	10 anos	6 meses
2	LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.	188.006,18 €	10 anos	6 meses
3	JARDINCELAS, S.L.	163.068,42 €	10 anos	6 meses
4	CALFENSA, PROYECTOS, S.L.	159.700,00 €	10 anos	6 meses
5	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	179.672,90 €	10 anos	6 meses

Asiste á apertura D. Juan Carlos Vilariño Paxaro, con DNI *3.2*0.5**, representante de CALFENSA, PROYECTOS, S.L. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo (con IVE)	Tempo de resposta ante incidencias
1	SARARTE, S.L.	30.125,69	3h
2	APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L.	33.867,90	1h
3	MÉTODO DE ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U.	33.220,00*	1h
4	NORFORMACIÓN, S.L.	39.567,00	3h
5	CENTRO DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.	35.963,22	12h



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



*A oferta de MÉTODO DE ESTUDIOS CONSULTORES, S.L.U. non inclúe IVE. O licitador indica na súa proposición que está exento de IVE.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Cubrición do patio do colexio García Barbón" (172-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	93,13
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	83,08

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 16:34	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A54F-EDBCB6-A34F8H-48N1US-KELPZR-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		